



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO
DE SAN CAETANO O DÍA 10 DE NOVEMBRO DE 2005,
BAIXO A PRESIDENCIA DO EXCMO. SR.
D. EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

D E C R E T O S

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Decreto polo que adoptan medidas provisionais en relación coa utilización do dominio público hidráulico.

A C O R D O S

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo á contratación, mediante a modalidade de concerto, da reserva e ocupación de prazas para persoas maiores asistidas no Centro Xerontolóxico Euxa Vigo, da entidade RESGAL VIGO, S.L.

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se aproban os criterios de repartición do Fondo de Acción Social da Xunta de Galicia para o exercicio 2005.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Acordo polo que se aproba a addenda ao convenio de colaboración asinado pola Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e o Concello de Quiroga para a creación de infraestruturas ambientais e depósito de refugallos para a xestión de residuos da construción e demolición.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre o Ministerio de Vivenda e a Comunidade Autónoma de Galicia, para a aplicación do Plan Estatal 2005-2008, para favorecer o acceso aos cidadáns.



I N F O R M E S

CONSELLERÍA DE TRABALLO

- Informe sobre a declaración institucional polo diálogo social



A VICEPRESIDENCIA CONCERTA 60 NOVAS PRAZAS PARA ASISTIDOS NO CENTRO XERONTOLÓXICO EUXA VIGO

O Consello da Xunta aprobou hoxe o acordo que autoriza a tramitación da contratación de 60 novas prazas concertadas para asistidos no Centro Xerontolóxico "Euxa Vigo" da entidade Resgal Vigo S.L. O concerto destas prazas terá unha vixencia de 25 anos en virtude deste contrato e o seu prezo ronda os 19,4 millóns de euros. Segundo establece este contrato o prezo de cada unha destas prazas é de 44 euros diarios.

Estas primeiras 60 prazas concertadas pola Vicepresidencia responden ao compromiso de ampliación de servizos e oferta de prazas para a terceira idade feito público polo vicepresidente da Xunta, Anxo Quintana, na comparecencia ante a Comisión 3ª do Parlamento a pasada semana para a explicación dos orzamentos da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar para 2006.

Con estas primeiras medidas preténdese incrementar e mellorar os servizos en residencias e centros de día cos que conta actualmente a Administración galega, que colocan a Galicia nas peores ratios do Estado. De feito, a ratio de prazas recomendadas polo Plan Xerontolóxico Nacional establece 3,5 prazas por cada 100 maiores, das que o 40 por cento teñen que ser públicas. No caso de Galicia esta ratio está en 0,83 prazas.

Para rematar con esta situación, o vicepresidente da Xunta anunciou a creación dunha auténtica rede de centros públicos para maiores, que comezará a facerse efectiva coa constitución antes de finais do ano dunha sociedade pública que se encargará da construción de novas residencias. En concreto esta sociedade comezará no 2006 a construción de cinco destes novos centros.



A XUNTA DESTINA 6,3 MILLÓNS DE EUROS PARA AS AXUDAS DO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL DIRIXIDAS AO PERSOAL DEPENDENTE DA XUNTA

- *Serán en concepto de xubilación, discapacitados, fillos menores, estudos dos fillos, estudos do traballador, vivenda, maiores a cargo e gastos sanitarios do traballador*

O Goberno galego aprobou na reunión semanal do Consello da Xunta a repartición do Fondo de Acción Social para o persoal dependente da Xunta de Galicia, que fora acordado polos representantes da Administración autonómica e das organizacións sindicais CC.OO, UGT, CSI-CSIF e CIG. O importe total das axudas ascende a 6.363.140 euros.

En total destinaranse a axudas para estudos de fillos de traballadores dependentes da Xunta un total de 1.490.000 euros; as dirixidas a fillos menores ascenderán a 1,4 millóns de euros; a repartición para a atención de persoas con discapacidade será de 1.060.000 euros; para a adquisición de vivenda sumarán un total de 940.235€; as indicadas para as xubilacións suporán unha achega de 765.000 euros; os estudos dos traballadores 287.905 euros; por maiores a cargo acadarán os 270.000 euros; e as axudas por gastos sanitarios do traballador ascenden a un total de 150.000 euros.

Poderán percibir estas axudas o persoal funcionario de carreira, persoal interino, contratado administrativo, persoal laboral fixo e persoal laboral temporal incorporados á Xunta de Galicia con anterioridade ao 1-1-2006. Este persoal deberá estar en situación de activo na Administración da Xunta de Galicia no prazo establecido para a presentación da solicitude.

Para solicitar estas subvencións, os interesados que cumpran os requisitos poderán presentar as súas peticións no rexistro xeral de Consellería da Presidencia, nas delegacións provinciais das distintas consellerías ou nas oficinas de Correos desde que se publique o acordo no Diario Oficial de Galicia ata o vindeiro día 15 de xaneiro de 2006.



MEDIO AMBIENTE INVISTE 569.990 EUROS NA CONSTRUCIÓN DUNHA PLANTA DE TRATAMENTO DE RESIDUOS DE OBRA EN QUIROGA

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible investirá 569.990 euros na creación dunha nova infraestrutura ambiental no municipio de Quiroga (Lugo). Trátase da construción dun depósito de refugallos para a xestión de residuos procedentes de obras de construción e demolición.

No día de hoxe, o Consello da Xunta aprobou unha addenda ao convenio de colaboración subscrito entre a Consellería de Medio Ambiente e o Concello de Quiroga, para ampliar as partidas destinadas a esta obra que deberá estar rematada ao longo do ano 2006. En virtude deste acordo, a consellería destinará este ano 451.558 euros a construción desta nova planta de xestión de residuos e outros 98.442 euros nos orzamentos xerais do próximo ano. O investimento total de Medio Ambiente ascenderá 569.990 euros.



O CONSELLO DA XUNTA SUSPENDE 32 NOVAS CONCESIÓNS DE APROVEITAMENTO HIDROELÉCTRICO EN GALICIA

- *A medida afecta a minicentraís dos canles dos ríos Verdugo, Lérez, Umia, Eume, Landro e o sistema do Ulla-Arnegó-Deza-Sar*
- *O decreto aprobado hoxe establece a revisión do Plan Sectorial Hidroeléctrico de 2001*

O Consello da Xunta acordou esta mañá revisar o Plan Sectorial Hidroeléctrico, suspendendo os trámites de 32 novas concesións de aproveitamentos hidroeléctricos. Trátase de 24 novas minicentraís e outras 8 de ampliación de concesión. Esta medida, así como outras que aínda deberán ser resoltas, afecta aos principais canles da conca Galicia-Costa, de titularidade autonómica: Verdugo, Lérez, Umia, sistema do Ulla-Arnegó-Deza-Sar, Eume e Landro.

A medida ven condicionada pola necesidade de asegurar un uso racional dos ríos, compatibilizando o seu potencial hidroeléctrico coa Directiva Marco da Auga, a ordenación do territorio e o desenvolvemento sostible, e responde ao compromiso anunciado polo Conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Manuel Vázquez, na súa recente comparecencia no Parlamento de Galicia.

O Plan Sectorial que se acorda revisar fora aprobado no ano 2001, sendo considerado excesivamente permisivo coa instalación de aproveitamentos en cadea que poñen en cuestión, xa non o uso racional dos canles fluviais, senón a súa propia supervivencia.

A dinámica de concesións de aproveitamentos hidroeléctricos do anterior Goberno da Xunta acadou unha especial intensidade nos meses anteriores ás últimas eleccións autonómicas, prolongándose ata os días inmediatos á toma de posesión do Goberno presidido por Emilio Pérez Touriño.

A inusitada celeridade dos trámites administrativos no período do Goberno en funcións pon en cuestión en moitos casos as debidas garantías para os diferentes interesados. Así, os procesos de concesión, que viñan tardando entre 22 e 36 meses de tramitación, foron realizados en menos de 9 meses, en detrimento das garantías xurídicas en trámites clave como a declaración de impacto ambiental ou concorrencia de proxectos.

O alcance da suspensión

A suspensión de aproveitamentos hidroeléctricos afecta directamente a 32 novas solicitudes que se atopaban en trámite de concesión no momento do cambio de Goberno. Son 24 peticións de novos saltos e outras 8 peticións de ampliación de caudal en concesións que xa están en explotación.



Uns e outros afectan á práctica totalidade dos principais canles de auga da bacía Galicia Costa de competencia autonómica (Verdugo, Lérez, Umia, sistema do Ulla-Arnego-Deza-Sar, Eume ou Landro)

Asemade, o Decreto aprobado pode afectar a outras concesións outorgadas pero que non son firmes en vía administrativa. Nesta situación atópanse 8 concesións con trámites aprobados nos últimos meses e aos que se teñen presentado diferentes recursos. Dende a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible estase a proceder, antes da contestación dos recursos, a un estudo rigoroso para analizar a seguridade xurídica dos trámites cuestionados.

Outras actuacións

Ademais das solicitudes de aproveitamentos afectadas pola suspensión, Augas de Galicia, organismo dependente da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, vai proceder á tramitación de 9 expedientes de caducidade que afectan a diferentes concesións que non reúnen os requisitos necesarios para continuar a súa vixencia.

Por último, e en consonancia co anuncio realizado polo conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible na súa comparecencia parlamentaria, está aberta unha negociación cos titulares de 22 concesións que son firmes en vía administrativa, pero que non teñen iniciadas as obras ou teñen pendente algún trámite adicional. Esta negociación pretende salvar algúns tramos de río considerados esenciais para un uso equilibrado dos canles ou que poden dificultar a execución do Plano de Abastecementos á poboación.

Na defensa dun desenvolvemento sostible

As medidas aprobadas polo Consello, xunto coas actuacións adicionais postas en marcha ou previstas pola Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, enmárcanse nunha nova política de uso racional dos recursos naturais, neste caso dos ríos, co obxectivo de compatibilizar os aproveitamentos enerxéticos, de abastecemento, regadío, etc., coa preservación dos ecosistemas fluviais, a prol de conseguir un desenvolvemento sostible deste ben esencial para a vida que é a auga.



A DECLARACIÓN INSTITUCIONAL POLO DIÁLOGO SOCIAL ABRE O PROCESO PARA CONQUERIR UN GRAN ACORDO POLO EMPREGO ESTABLE, A COHESIÓN SOCIAL, A PRODUCTIVIDADE E A COMPETITIVIDADE EN GALICIA

- *Esta Declaración Institucional foi asinada o pasado sábado en Santiago pola Xunta de Galicia, a Confederación de Empresarios de Galicia e os tres sindicatos maioritarios (UGT-Galicia, CCOO e CIG)*
- *O modelo acordado por todos os implicados desenvolverase en dúas fases: a propia sinatura da Declaración e o desenvolvemento efectivo das liñas estratéxicas de negociación*
- *A vindeira semana celebrarase a primeira xuntanza para consensuar os parámetros que definirán o marco de concertación*

O titular de Traballo, Ricardo Varela, presentou esta mañá ao Consello da Xunta un informe no que se recollen as conclusións da Declaración Institucional polo Diálogo Social, asinada o pasado sábado por Xunta, Patronal e Sindicatos. Esta declaración senta as bases da concertación social en Galicia, e abre un novo marco de diálogo na procura dun gran pacto polo emprego e a competitividade.

A Consellería de Traballo, e por ende a Xunta de Galicia, pon en marcha así unha das principais apostas deste novo Goberno: manter un diálogo permanente e estable cos axentes económicos e sociais. O propio presidente da Xunta, Emilio Pérez Touriño comprometeuse o mesmo día da súa toma de posesión a recuperar o diálogo social en Galicia, posteriormente tanto o presidente como o conselleiro de Traballo, Ricardo Varela, mantiveron senllas roldas de contacto cos principais representantes da Confederación de Empresarios de Galicia e dos tres sindicatos maioritarios galegos, CCOO, UGT-Galicia e CIG, froito das cales o pasado sábado, 5 de novembro, asinaban no Hostal dos Reis Católicos, a Declaración Institucional coa que se inicia este diálogo social que ten como finalidade argallar un novo modelo de desenvolvemento social e económico de seu.

Así, nos contactos que, dende a Consellería de Traballo, se mantiveron coas máximas representacións da Confederación de Empresarios de Galicia (CEG), e das tres organizacións sindicais maioritarias: UGT-Galicia, o Sindicato Nacional de Comisións Obreiras de Galicia e a Confederación Intersindical Galega (CIG), inmediatamente despois de botar a andar o novo goberno, constatouse inequivocamente a vontade das tres partes de iniciar ese proceso de concertación de xeito inmediato.

O modelo convencional acordado por todos os implicados nel, desenvolverase en dúas fases: unha primeira, constituída pola sinatura dunha "Declaración Institucional" conxunta que servira de apertura do proceso e que recollera a vontade unívoca de



posta en común das razóns que o impulsan, dos obxectivos a perseguir e das liñas estratéxicas de actuación que permitiran conseguir eses obxectivos.

Partindo dunha proposta, a exemplo de documento base, remitida pola Consellería de Traballo ás organizacións sindicais maioritarias e a Confederación de Empresarios de Galicia, botou a andar a negociación na procura dun texto unánime a asumir por todos.

Esta primeira etapa é unha realidade trala sinatura da "Declaración Institucional polo Diálogo Social" en Galicia o pasado sábado, 5 de novembro, polo Presidente da Xunta de Galicia, o Conselleiro de Traballo, o presidente da Confederación de Empresarios de Galicia, e os secretarios xerais de UGT-Galicia, do S.N. de CCOO de Galicia e da Confederación Intersindical Galega (CIG).

A segunda fase está conformada polo desenvolvemento efectivo das liñas estratéxicas de negociación, a través da constitución de diferentes mesas de traballo, que entre outras, se centrarán en:

- políticas de emprego e formación
- políticas de prevención e saúde laboral
- marco galego de participación institucional e de relacións laborais
- políticas de desenvolvemento económico, industrial, do sector primario, do sector servizos e de sostemento medioambiental
- políticas de infraestruturas e cohesión territorial
- políticas activas de I+ D+ i e da sociedade do coñecemento
- políticas sociais, de cohesión social e de igualdade entre homes e mulleres

Deste xeito, ademais da mesa xeral, co máximo nivel de representación institucional, que asume e fai pública a declaración institucional e formalizará os acordos froito do proceso negociador, constituirase unha mesa de coordinación do mesmo integrada polas consellerías competentes por razón da materia e as representacións empresariais e sindicais correspondentes, da que dependerá unha comisión de traballo, de composición paritaria, encargada de definir o calendario, o método de traballo e a composición das mesas sectoriais que se constitúan.

Polo carácter prioritario que ten este proceso convencional, xa botado a andar, está prevista para a próxima semana unha xuntanza de todos os seus copartícipes para consensuar os parámetros que definirán o marco de concertación.

A pretensión final non é outra que determinar as medidas que garantan para Galicia a súa sostenibilidade económica, melloren a competitividade e a produtividade, reduzan



os niveis de temporalidade na relación laboral xerando emprego estable e de calidade, e favorezan a cohesión social.

En definitiva, as materias que conformen as distintas mesas de debate e consenso, conformarán un gran acordo polo emprego estable, a cohesión social, a produtividade e a competitividade en Galicia.



O PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2005-2008 SUBVENCIONARÁ 32.396 ACTUACIÓNS EN GALICIA EN MATERIA DE VIVENDA, REHABILITACIÓN E SOLO RESIDENCIAL

- **O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio entre o Goberno autonómico e o central**

O Plan Estatal de Vivenda 2005-2008 prevé subvencionar 32.396 actuacións en Galicia para favorecer o acceso dos cidadáns a unha vivenda. As intervencións realizaranse en materia de construción, urbanización de solo, rehabilitación e axudas a propietarios e inquilinos, e aplicaranse a través dun convenio que asinarán Xunta e Goberno central, tras o visto e prace dado hoxe polo Consello da Xunta.

Ao abeiro deste Plan, as actuacións en materia de vivenda nova protexida para vender ascenden a 9.342, ás que se lle suman outras 3.980 destinadas á nova protexida para alugar. Establécense ademais outras 2.217 actuacións para a adquisición de inmobles usados e 70 máis para a usada destinada ao aluguer.

En materia de rehabilitación, o Plan Estatal 2005-2008 recolle 9.350 intervencións que se financiarán, nas que se inclúen as actuacións en Áreas de Rehabilitación Integral (ARI), en centros históricos e urbanos e as destinadas a facilitar a accesibilidade e o desenvolvemento sustentable.

En canto ás intervencións en materia de urbanización de solo residencial, recóllense un total de 4.927 actuacións ata o 2008 (o que quere dicir que se actuará sobre unha superficie con capacidade para albergar ese número de vivendas, que se van a construír no futuro).

Ademais das intervencións citadas anteriormente, o Plan Estatal de Vivenda 2005-2008 establece a concesión de axudas a propietarios de vivendas libres que as queiran alugar, cun total de 600 actuacións previstas neste ámbito, así como os subvencións aos inquilinos que precisen arrendar un piso, cun total de 2.000 accións recollidas.

O Plan Estatal de Vivenda 2005-2008 duplica o número de actuacións que se van subvencionar recollidas no anterior Plan, que recollía 16.000 accións. O orzamento destinado a financiar as actuacións tamén se duplicará. Segundo explicou a ministra de Vivenda, María Antonia Trujillo, tras entrevistarse con Teresa Táboas o



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA
SECRETARÍA XERAL DE COMUNICACIÓN

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

pasado mes de setembro, o orzamento do Plan Estatal 2005-2008 duplicará o plan anterior, pasando dos a 305 millóns de euros fronte aos 154 millóns do Plan anterior.